

AILLA DE BERGMAN

Mia Hansen-Løve, 2021

956

ESTREA EN NUMAX: 01.07.2023 | V.O.S.E. | +12 | 100 min.

Unha parella de cineastas estadounidenses retírase á illa de Fårö, onde viviu o cineasta sueco Ingmar Bergman, en busca de inspiración para escribir as súas próximas películas. Segundo avanza o verán e aumenta a súa fascinación polos misteriosos paisaxes da illa, a fronteira entre realidade e ficción non tardará en desdibuxarse.

«Unha experiencia cinematográfica clarividente e somnolenta a partes iguais, cómica e trágica á vez e sempre profundamente melancólica»

Luis Martínez, EL MUNDO



Entrevista con Mia Hansen-Løve: «Busco abrir portas e ventás cara a territorios inaccesibles do imaxinario»

Por Lucas Marco

Que significa Ingmar Bergman para vostede? É un cineasta que me acompaña desde hai tempo. Hai tal riqueza na súa obra que coído que dá para toda unha vida. Forma parte deses cineastas aos que se pode volver en diferentes ocasións e momentos segundo os teus desexos. Nunca tentei imitalo. Tanto polos seus filmes como pola súa forma de facer cinema encarna aos meus ollos algo único que continúa atraéndome, mesmo despois de facer este filme.

Que lle parece a etiqueta de cineasta intimista que se lle adxudicou? Acéptoo, non cambia nada do que son os meus filmes. Eu, persoalmente, non me defino. Creo que estamos nun momento no que todo é moi político e ideolóxico e ás veces o cinema convértese en algo un pouco dogmático. Hai unha tendencia a pechar o cineasta en categorías ben definidas. Tento fuxir algo diso. Estou moi contenta de que os meus filmes atopen un público, funcionen e viaxen polo mundo. Se Bergman é un modelo para min é porque fixo un cinema sen compromiso. Sempre buscou no máis fondo de si mesmo a inspiración burlándose das modas, tendencias e ditados da industria. Ser cinema intimista quere dicir iso, nese caso, vaime moi ben.

Referiuse algunha vez á distinción que facía François Truffaut entre os filmes que serven para mostrar a realidade tal cal é e os que serven para soñar. Como adapta esa dobre perspectiva nos seus filmes? Diría que *A illa de Bergman* é un filme que serve para mostrar a realidade tal como me gustaría que fose. O filme que rodei despois, *Un beau matin*, mostra a realidade tal cal é. Cando fago *A illa de Bergman*, o filme é tan persoal como os anteriores e claro que non está desprovisto de realidade porque fago todos os meus filmes cunha realidade e creo tamén nunha realidade do imaxinario. É complexa esa noción da realidade porque é moi subxectiva pero este é un filme que busca o soño, abrir portas e ventás cara a territorios inaccesibles do imaxinario. É á vez o mundo de Bergman e o da interioridade. Pero está tamén a cuestión do soño.

É doado facer cinema de autoría hoxe en día? A situación do cinema de autoría é moi fráxil nestes intres, teño a impresión de que é así en todo o mundo. Nótase un desinterese do público polo cinema. Queda a esperanza de que a xente volva ás salas aos poucos pero por riba diso está o sentimento de que hai un interese que se perdeu. O cinema durante moito tempo foi algo sagrado e hoxe éo menos ou para menos xente. Convértese nunha sorte de nicho. Antes, mesmo o cinema de autoría máis radical podería ser popular. Éric Rohmer fixo *A miña noite con Maud* (1969) e vendeu máis de 500.000 entradas. Hoxe é impensable. Eu non me sinto ameazada pero hai unha cuestión profunda no fondo. Pode unha arte seguir viva se perde o seu público? Velaí a cuestión.

Mesmo en Francia, un país que historicamente apostou desde as institucións públicas pola cultura... O problema en Francia é que, á vez, somos moi privilexiados porque estamos moi sostidos polo Estado e hai axudas que non existen en ningures, tanto para produtores como para cineastas. Durante a pandemia sobre todo o Estado puxo unha gran cantidade de diñeiro para que esta industria se manteña e podemos seguir a producir, estreir e financiar a creación de filmes pero se a xente non os ve a situación vólvese esquizofrénica. No cinema francés non opera a lóxica capitalista e iso está moi ben. Mesmo se a demanda é moi baixa a oferta é aínda máis importante. Iso, ao mesmo tempo crea unha gran violencia cos filmes que se estrean e fican unha soa semana en cartel.